O CAMIÑO DE SANTIAGO

AO SEU PASO POR SILLEDA

Nerea Araujo González

Claudia Gómez Rozados

Sandra Raíño Núñez

ÍNDICE:

I. Xustificación do traballo

II. Toponimia e lendas

III. Festas e romaxes nas parroquias de Silleda

IV. O Camiño de Santiago na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia

V. Bibliografía

I. XUSTIFICACIÓN DO TRABALLO

O lugar de **A Laxe** (en Bendoiro, Lalín) é o punto de encontro de dous dos camiños de peregrinación a Santiago: o Camiño de inverno e a Vía da Prata. Dende alí ican unidos ata Compostela, polo que as Terras de Silleda son depositarias destes dous importantes traxectos, recoñecidos como tal pola Lei de Patrimonio Cultural de Galicia de 2016.

Transcorrer do Camiño de Inverno ata A Laxe

Transcorrer da Vía da Prata

Etapa do Camiño de Santiago ao seu paso por Silleda

Orografía do Camiño de Santiago ao seu paso por Silleda

O obxectivo que pretendemos con este traballo é facer un percorrido polo patrimonio inmaterial do Camiño ao seu paso por Trasdeza. Toponimia e lendas constitúen a base da nosa análise, e poden axudar a comprender mellor o rico patrimonio que se esconde tralo vieiro que conduce ata a cidade do Apóstolo.

II. TOPONIMIA E LENDAS

A continuación aportamos unha breve referencia da historia de cada unha das parroquias polas que transcorre o Camiño de Santiago, así como unha escolma da toponimia e das lendas a elas asociados.

1.TABOADA

A historia desta parroquia vén determinada pola da súa ponte, proba de excelente enxeñaría civil que atura o tránsito secular de peregrinos a Compostela logo de 1102 anos. En Taboada atopamos a igrexa románica dedicada a Santiago e un castro a poucos metros desta.

a. TOPONIMIA:

TABOADA:

. A Fonte das Meigas: estaba sempre cheo de arañas grandes.

. As Brañas: ao pasar por aí nace auga do chan.

TABOADA VELLA:

. A Cova da Cadela: cova na que unha cadela parira e criara os seus fillos.

. O Fregadoiro: antes había dúas pedras onde a xente ía lavar.

A PONTE TABOADA:

. A Pedra da Cobra: indo á Ponte Vella hai unha pedra con letras romanas gravadas, os vellos din que alí se deitaba sempre una cobra que agardaba un tesouro

. A Xunta dos Ríos: lugar onde se xuntan os ríos Deza e Arnego

b. LENDAS:

- Dise que Taboada estivo habitada polos mouros.

- Indo cara ó camiño da Ponte Vella de Taboada hai unha pedra que ten letras romanas. Os vellos din que nela había unha cobra que gardaba un tesouro.

A ponte medieval de Taboada

2.SILLEDA

É a vila capitalina desde que en 1833 a sede municipal pasa ao Foxo e posteriormente en 1884 á propia vila. Nos anos vinte do século pasado Otero Pedrayo escribía a seguinte estampa da capital de Trasdeza*: "A construcción optimista e graciosa da vila –casas antigas, sinxelas, de limpo granito, casas modernas con galerías frontais- téndese ceiba ás beiras da estrada, entre as fermosas terras de labor e as praderías, sen que falten os soutos e carballeiras e os frutais agrupados en hortas"*, mais a transformación urbana dos últimos anos desfigurou esta imaxe dunha vila da que temos noticias polas súas feiras no século XVIII. O nome Exilieta deriva dunha doazón subscrita no 998 e do poboamento anterior coñecemos dous asentamentos castrexos en Toiriz, Os Castros, e outro perto das casas do Monte denominado Pena Negra. E continúan conservando certo esplendor antergo as edificacións do lugar do Foxo e o pazo de Trasfontao.

Mención á parte merece o lugar denominado O Foxo, rueiro medieval, cruce de importantes camiños, paso obrigado de arrieiros, camiño real de Castela a Compostela e, en definitiva, camiño de peregrinación. Xuntábase neste punto o camiño real cos que procedían de Tabeirós e Aciveiro. Por orde de 1853 foi sede temporal da alcaldía de Silleda. Alén do devandito rueiro medieval destacan no Foxo edificacións construídas entre os séculos XVII e XIX, como a casa de

Martínez, a casa cuartel, a casa da Botica, a casa da administración, a estafeta de correos e cobros de Portádego, etc.

a. TOPONIMIA:

SILLEDA:

. A Fonte do Campo: ó seu carón hai un lavadoiro onde antigamente lavaban a roupa as mulleres.

. A Xesteira: recibe ese nome pola cantidade de xestas que hai.

TOIRIZ:

. O Cotiño: lugar ó que se ía buscar auga.

. A Cadeira da Raíña: dise que hai centos de anos os Reis Magos visitaron ese lugar, xa que hai unha pedra con tres cadeiras onde estes se sentaron despois de darlle os regalos aos rapaces de alí.

TOXA:

. A Fonte de Toxa: fonte da que todos bebían; antribuíanselle certos poderes.

. A Barba rapada: recibe ese nome polo seu dono, aínda que nunca tivo barba.

b. LENDAS

-No Castro de Toiriz vivía un mouro que cambiaba unha moeda de ouro por leite que lle daba o seu veciño. Cando este enfermou foi un familiar del levarlle o leite, pero o mouro escapou ó saber o veciño contara o seu pacto inconfesable.

-Ía unha muller por Toiriz cunha pedra na cabeza e fiando nunha roca, púxoa no chan, despistouse e roubáronlla para poñela enriba doutras pedras. Aínda se di que segue alí.

-A árbore dos namorados, no Castro de Toiriz, recibe este nome porque as súas polas entrelázanse coas doutra árbore coma se estivesen namoradas. Debaixo dela, atópase o Banco dos Namorados.

Castro de Toiriz

3.MARGARIDE

A igrexa de San Fiz posúe un campanario barroco e domina desde o alto esta parroquia. Nun dos lugares baixos a carón do Toxa, en Costela, consérvase a casa-torre gótica do século XV e a casa das vivencias un dos grandes renovadores da plástica galega, o Pintor Manuel Colmeiro.

a. TOPONIMIA:

MARGARIDE:

. O Carballo: antigamente había unha carballeira da que só queda un carballo.

. A Canda: é un monte.

SAN FIZ:

. O Espiño: chámase así porque antigamente estas lendas estaban cheas de espiños.

. Os Pereiros: chámase así porque este prado estaba cheo de pereiros.

VILANOVA:

. O Monte do Caramús: gran carballeira que agora está ocupada pola fábrica de pensos NUDESA.

b. LENDAS:

-Dicíase que en Margaride vivía unha moura que gardaba as súas xoias nunhas pedras marcadas cunha cruz.

-Dicíase que na ponte de Toxa había unha viga de ouro e outra de alcatrán.

Igrexa de Margaride

4.CHAPA

Situada no centro de Trasdeza, cunha ponte sobre o río Toxa, é encrucillada desde os tempos romanos. Tivo castelo, albergue-hospital para peregrinos. Posúe a capela do San Brais do s. XVIII e foi sede administrativa do municipio na primeira metade do século XIX. Tamén atopamos un Coto do Castro nesta parroquia.

a. TOPONIMIA:

CHAPA:

. O Canizo: zona con gran cantidade de canas.

. O Penedo de Clapa: penedo onde se construíu unha torre. Actualmente non existe nin torre nin penedo, porque se destruíron para construír a estrada Santiago – Ourense.

PENIDO:

. A Fonte de San Brais: recibe este nome porque enriba dela está a capela de San Brais.

. O Prado da Virxe da Fonte: recibe este nome porque está ao lado da Virxe da Fonte.

A CHAIRA:

. A Fonte do Empalme: chámase así porque nesa zona hai un cruce de estradas.

. O Pozo do Liño: chámase así porque, antigamente, alí había un remanso onde se lavaba o liño.

b. LENDAS:

-Antigamente en Chapa existía unha viga de ouro e outra de alcatrán. Se algún veciño atopaba a de ouro, quedaba rico; se atopaba a de alcatrán, morrían todos.

-Había unha muller casada que tiña un amante. Nunha tarde na que o seu marido estaba no muíño moendo o gran, o amante saíulle ó camiño e deulle unha malleira. De alí a un anaco veu a muller e cravoulle unha puñalada cunhas tesoiras de podar. Días despois apareceu roupa con sangue.

San Brais, tamén coñecido como San Blas, foi médico, mártir cristián e bispo de Sebaste en Armenia. Venérase o 3 de febreiro en Occidente e o 11 de febreiro en Oriente.

Capela de San Brais

6. LAMELA

Emprazada nunha chaira camiño de Compostela, ofrece noticias da existencia dun castro e mámoas na Cota das Madorras e de varios vestixios datados antes do 1500 a.C. A igrexa parroquial ten torre barroca e é lugar de especial festexo a Capela do San Marcos, construída por volta do 1800.

a. TOPONIMIA.

LAMELA:

. O Coto do Calvo: situado preto da capela do San Marcos. Pertence á familia Calvo.

. O Río Cervanilla: río que nace en Cervaña, e pasa por Lamela e Abades.

A GOLETA:

. O Muíño de Cacheiro.

As Brañas: chámase así por ser un lugar húmido ao lado do río.

O SOUTO:

. A Cascalleira: terreo de cultivo onde hai moita pedra miúda.

. O Muíño da Zangada: recibe este nome porque está nun lugar remoto, non hai maneira de ir máis que a pé ou a cabalo, xa que ten unha ponte de pau.

b. LENDAS:

-Conta a lenda que o 23 de abril (San Xurxo) non se podía atar as vacas, xa que este é o santo dos animais. Un veciño atounas ese día e unha serpe enrolóuselle a unha vaca na pata. O dono quitoulla e esta enrolóuselle a el nun brazo, foi á casa poñer o brazo debaixo dunha billa de auga e a serpe marchou, o home non volveu atar as vacas polo día de San Xurxo.

-Na casa do Zapateiro, no Souto, unha noite de inverno petaron á porta e os propietarios desta mandaron pasar. Quen entrou foi Pepa a Loba e varios homes, o matrimonio asustouse. O que pedía a cuadrilla era pousada e estes déronlla

desconfiadamente, pero alertaron ós veciños da chegada dos ladróns. Ninguén da familia durmiu co medo de ser atacados, pero isto non aconteceu. Ao día seguinte a cuadrilla marchou e prometeulle á familia Que eles non ían ser atacados. Despois dun tempo, os veciños comezaron a ser vítimas de pequenos roubos por parte dos homes de Pepa a Loba.

San Marcos, tamén coñecido como San Marcos Evanxelista, é o autor do Evanxeo de San Marcos e fundador e primeiro bispo da Igrexa de Alenxandría. Venérase o 25 de abril.

Procesión do San Marcos

7.PIÑEIRO

Houbo aquí unha igrexa doada a Carboeiro no século XII. Hai asentamentos castrexos en *Pena Castrelo e Coto do Castro*, estando a parroquia inzada de topónimos castrexos. No século XVIII tivo o seu esplendor o Pazo de Carricova.

a. TOPONIMIA:

PIÑEIRO:

. A Igrexa: leira situada preto da igrexa da parroquia.

. Brañón.

CUÍÑA:

. As Miguelas: leiras que recibe ese nome.

. Pena Castrelo: zona onde quedan os resto do Coto da Pena Castrelo (un castro).

O CAMPO:

. O Coto da Pena Castrelo: leira que recibe ese nome.

. O Couto da Codeseda: leira que recibe ese nome.

b. LENDAS:

-No lugar de Cuíña hai un fonte chamada a Fonte de Cuíña na que se di que cando alguén da parroquia ía morrer aparecía unha procesión de xente vestida de branco anunciando esa morte. Tamén se lanzaba unha luz ardendo só visible para aquela persoa que ía morrer.

-Por camiños subterráneos do Coto do Castro, cóntase que un veciño lle servía viño aos mouros que pasaban por alí. Tamén se dí que a riqueza da Casa do Patrón débese aos tesouros achados no castro.

-O Penedo do Leite é un manancial de auga de cor leitoso que brota debaixo dun penedo á beira do río Deza. Dise que alí hai un encanto que sae en forma de cobra e lle dixo a unha persoa que o que a queira desencantar ha de darlle tres

bicos. Tan pronto llos deu, volveuse todo en ouro. Se non a desencantaban íanse cara ó río maldicindo.

Igrexa de Piñeiro

8.DORNELAS

Ao igual ca Cira sempre dependeu da arquidiocese de Santiago, polo que si pertence ao limitar ao norte o Trasdeza xeográfico, mais non á administración eclesiástica da xurisdicción do século VIII. Dátase a súa igrexa románica con inscrición do ano 1171. Está catalogado en Bascuas o Castro Lobrigo, denominado Monte Lobrigo.

a. TOPONIMIA:

O PORTIÑO

. As Eiras: zona de pasto.

. O Espadenal: zona de monte e de labradío.

AUGACAI:

. O Costaneiro: zona cun elevado desnivel.

. Sobre de Augacai: parte de arriba de Augacai.

BASCUAS:

. O Pozo dos Lobos: lugar do monte onde o río forma un pozo.

O Campo do Monte: zona de pastos rodeados de monte.

b. LENDAS:

-Seica existiu un marqués que tiña poderes na vista. Os campesiños pasaban por diante da súa casa, e un día pasou un cos seus bois e o marqués díxolle que só con miralos aos ollos podía matalos. O campesiño non o creu e este sacou as gafas, mirou aos bois e sacounos.

Igrexa de Dornelas

III. FESTAS E ROMAXES NAS PARROQUIAS DE SILLEDA

Outros dos moitos atractivos que ten a terra de Trasdeza son as súas festas. O peregrinos, no seu transcorrer polo camiño, se as datas lle coinciden e teñen vagar, poden aproveitar para relaxarse coas celebracións relixioso-festivas que teñen lugar ao longo do ano, con especial proliferación nos meses de estío. De seguido, presentamos unha listaxe coas festas parroquiais e as datas nas que teñen lugar. En cor azul, aparecen as parroquias polas que discorre o Camiño de Santiago por estas terras.

ABADES

FESTA DE LA ROSQUILLA: domingo de Pascua

SAN CAETANO: último domingo de xullo

SANTA MARÍA (PATROA): 15 de agosto

AS DORES (CORPUS): 3º domingo de setembro

Rosquillas en Abades

ANSEMIL

SAN LUÍS: 25 de agosto

BREIXA

SANTIAGO APÓSTOLO (PATRÓN): 25 xullo

FESTA DA CASTAÑA: último sábado de outubro

As castañas en Breixa

CARBOEIRO

SANTA MARÍA (PATROA) E SAN ROQUE: 15 e 16 de agosto

CERVAÑA

PIEDADE: 26 de marzo

SAN ROQUE: 6 e 7 de agosto

CIRA

SAN XOSÉ: 19 de marzo

VIRXE DO COUTO: 2ª fin de semana de setembro

SANTA BAIA PATROA DA PARROQUIA: 10,11,12 de decembro

CHAPA

SAN CIBRAO (PATRÓN): domingo antes do 16 de setembro

SAN BRAIS: 3 de febreiro

Procesión do San Brais de Chapa

CORTEGADA

SANTA MARÍA: último fin de semana de xullo

FESTA DE LA PAELLA: último venres de xullo

DORNELAS

O CARME: último domingo de agosto

SAN MARTIÑO: 11 de novembro

ESCUADRO

SAN MARCOS: 25 de abril

SAN SALVADOR (PATRÓN): 6 e 7 de agosto

SANTA ISABEL: 2 de xullo, e o domingo seguinte

A Penadauga de Escuadro

FIESTRAS

SAN MARTIÑO: 11 de novembro

SAN ANTÓN: 11 de xuño

GRABA

SANTA MARIÑA: 18 de xullo

SANTA MARÍA: 15 e 16 de agosto

LAMELA

SAN MARCOS: 1 de maio

SAN MIGUEL (PATRÓN) e VIRXE DAS DORES: 1ª fin de semana de outubro

Capela do San Marcos de Lamela

LARO

SAN SALVADOR: 1ª fin de semana de agosto

FESTA DE LA TORTILLA: 1º venres de agosto

Tortillas en Laro

MARGARIDE

SAN ANTÓN e SAN FIZ: 1 e 2 de agosto

MARTIXE

SAN CRISTOBO: 10 e 11 de xullo

MANDUAS

FESTA DE LA EMPANADA: 3º sábado de agosto (A Bandeira)

SAN CRISTÓBO: 3 xullo

Empanadas na Bandeira

MOALDE

SAN SEBASTIÁN: 24 de agosto

SAN MAMEDE (PATRÓN): último domingo e luns de agosto

NEGREIROS

O PILAR (PATROA): 1º domingo de setembro

SAN MARTIÑO: 11 de novembro

OLEIROS

SAN MIGUEL: 29 de setembro

SAN CLAUDIO: 30 de setembro

O CASTRO

SAN MAMEDE: 2ª fin de semana de setembro

PARADA

SAN ANTÓN: 11 de xuño

SAN TOMÁS (PATRÓN): 21 de decembro

PAZOS

SAN ANTÓN: 13 de xuño, e o fin de semana máis próximo

SAN MARTIÑO: 11 de novembro, e o domingo máis próximo

PIÑEIRO

SAN XIAO: 6 e 7 de xaneiro

CARNE AO CALDEIRO: marzo-abril

SAN ANTÓN: 11 xuño

SANTA MARGARITA: 2ª fin de semana de agosto

Carne ao caldeiro de Piñeiro

PONTE

REMEDIOS: 2º domingo de setembro

SAN VERÍSIMO: 25 de setembro

SAN MIGUEL: 29 de setembro

SANTA CARME: 30 de setembro

REFOXOS

SAN MANUEL: 1 de xaneiro

SAN PAIO (PATRÓN): 26 de xuño

RELLAS

NOSA SEÑORA DE GUADALUPE: 8 de setembro

SAN MARTIÑO (PATRÓN): 11 de novembro

SAÍDRES

SAN XOÁN: 24 de xuño, e o fin de semana máis próximo

SIADOR

NOSA SRA. DA SALETA: 18 e 19 de setembro

SAN MIGUEL: setembro

Procesión da Saleta

SILLEDA

FESTA DO LACÓN: 1 º venres de xullo

SANTA BAIA: decembro

TABOADA

SANTIAGO APÓSTOLO (PATRÓN): 25 xullo

SANTA ANA: 26 de xullo

SAN ANTÓN: 13 xuño

FÁTIMA: 13 de maio

Igrexa de Taboada

VILAR

SAN SEBASTIÁN e SANTA INÉS: 20 e 21 de xaneiro

CULTOS ESPECIALES IGLESIA EVANXÉLICA: 1º domingo de setembro

XESTOSO

OS MILAGRES: 2º domingo de setembro

SANTA LUCÍA: maio

Á marxe destas festas e romaxes, especial mención ten o **Entroido,** co **Desfile e Alto dos Xenerais.**

O Entroido é unha festa popular que ten a súa orixe como indicación da fin do inverno e o comezo da primavera. Nel conflúen rituais cristiáns e pagáns, sendo a época na que se poden romper todas as normas, cambiar de personalidade ou identidade e ironizar sobre as institucións máis asentadas.

É, sen dúbida, a festa máis irreverente do calendario galego. Foi por iso que se prohibiu durante a época franquista, malia que se mantivo viva nas aldeas.

Nesta zona exiten dúas formas de manifestarse. Unha, a través de desfiles de máscaras en carrozas acompañadas de charangas, na súa versión máis moderna, que se celebra en **Silleda** con premios aos mellores disfraces. Organízase o domingo de Entroido, polas rúas da vila.

E outra, a gran protagonista do Entroido, con personalidade propia dentro do Concello de Silleda, o **"Alto dos Xenerais"** celebrado tradicionalmente entre as parroquias das ribeiras do río Ulla.

A Bandeira, Lamela, Dornelas e Piñeiro dende hai uns anos decidiron engalanarse e saír aos camiños e rueiros para cantar os **"vivas"**, dar os **"atrancos"** e así representar os carnavais tradicionais que xa constan nas memorias de principios do século XX.

Os Xenerais e séquito (correos, sentinela, coro e parranda), vestidos de uniformes militarizados e todo tipo de adobíos, representan en versos de rimas pares loitas dialécticas entre dous bandos, invasor e defensor do pobo. Coa mestura propia da época, lanzan frases contra todo o establecido e imposto por

autoridades, caciques, clero e na defensa da clase traballadora, gandeiros, agricultores… o pobo oprimido.

Os Xenerais do Ulla, constitúen hoxe unha das manifestacións máis recoñecidas do carnaval rural galego.

Celébranse xeralmente na fin de semana anterior ao martes de Entroido, agás Lamela que o fai o Sábado da semana anterior.

Pero se é tempo para a troula tamén o é para xantar e cear, porque outra compoñente fundamental do Entroido galego é a gastronomía.

Se o Entroido representa a manifestación popular do cambio de estación; da transición do inverno á primavera, hai que facer unha loanza desmedida das comidas nas vésperas da “Coresma” que manda a igrexa, que son 40 días de xaxún e abstinencia.

En Silleda, corazón verde de Galicia, nestas datas non se pode pasar sen saborear os produtos en sazón. O lacón con grelos ou o cocido como pratos fortes e como doces: as orellas, flores, filloas con mel e queixo do país con doce de marmelo. Todo regado con bo viño e licor café.

No enlace de youtube a pé de foto, pódese visualizar o encontró dos Xenerais que tivo lugar na celebración do entroido da Bandeira en 2017.

Video do Alto do Xenerais na Bandeira (2017) (https://youtu.be/IurOer-pY3o)

IV. LEI DE PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA SOBRE O CAMIÑO DE SANTIAGO

Como remate, cómpre facer referencia ao que di a lei de Patrimonio Cultural de Galicia sobre os Camiños de Santiago, entre os que se inclúen o que transcorre por Silleda, fusión do Camiño de Inverno e da Vía da Prata.

TÍTULO VI

Os Camiños de Santiago

Artigo 73. CONCEPTO DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

1. Os Camiños de Santiago está formado polo conxunto de rutas documentadas que conforman, conxuntan e caracterizan o territorio que atravesan. Estas rutas principais son: O Camiño Francés, o Camiño do Norte, o Camiño Portugués, a **Vía da Prata** e o **Camiño de Inverno**.
2. As rutas do Camiño de Santiago recoñecidas como tal son aquelas que teñen xustificada a súa historicidade como rutas de peregrinación a Santiago de Compostela.

Artigo 74. NATUREZA DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

1. As rutas que constitúen os Camiños de Santiago están formadas por vías de uso público e os elementos funcionais e territorios que as definen.
2. Os elementos funcionais que definen o Camiño de Santiago, e por tanto, forman parte da súa fisionomía son: peches, muros, valos, pontes, fontes e máis espazos similares destinados a súa conservación.
3. Cando sexa necesario recuperar a súa traza en propiedades privadas o seu largo constituirase cunha franxa de polo menos tres metros. Mentres non se consiga isto, a propiedade privada converterase nun lugar público para o paso dos Camiños.

Artigo 75. PROTECIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

1. Aquelas rutas dentro dos Camiños de Santiago que sexan incluídas dentro da Lista do Patrimonio Mundial da Unesco serán consideradas ben de interese cultural, mentres que o resto das rutas serán consideradas ben de interese catalogado dentro da categoría de territorios históricos.
2. A definitiva aprobación da delimitación da traza e do territorio histórico das rutas dos Camiños de Santiago obrigará aos concellos de cada territorio a incorporalas aos seus instrumentos de planeamento urbanístico e ao establecemento dos límites pertinentes para a súa conservación.
3. A consellería encargada da materia do patrimonio cultural adoptará medidas e creará documentos nos que se describan os procedementos e os métodos para as intervencións habituais para manter e conservar o ámbito limitado dos territorios históricos dos Camiños de Santiago.

Os Camiños de Santiago por Galicia

V. BIBLIOGRAFÍA

LIBROS

- IES Pintor Colmeiro (2015): *A paisaxe lendaria e toponímica do Concello de Silleda : IX Proxecto Didáctico Antonio Fraguas*. Santiago de Compostela: Alvarellos.

- *LEI 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.*

- Rúa Pérez, José D. (2018): *Guía del Camino de Invierno. Ponferrada-Santiago por Valdeorras y la Ribeira Sacra*. Ourense: A Pena D'Auga Edicións.

PÁXINAS WEB

- http://caminodesantiago.consumer.es/etapa-de-a-laxe-a-outeiro
- http://www.turismosilleda.es/es/festas_calendario.php
- http://www.turismosilleda.es/festas_carnav.php
- https://www.youtube.com/watch?v=IurOer-pY3o